

## Recensión histórica

O Verbum naceu en abril de 2003, a partir dun deseño conceptual do escritor Xosé Cermeño, nun edificio proxectado polo arquitecto César Portela, e rodeado por unha ampla parcela de zona verde, a carón do paseo e da praia de Samil. O edificio estruturárase ao redor dun gran lucernario a través do cal a luz do sol evoluciona ao longo do día sobre as distintas dependencias interiores.

Dende a súa inauguración, o Verbum Casa das Palabras tense convertido en punto de referencia de actividades e exposicións temporais nas que o mundo da comunicación se contempla dende unha perspectiva científica e humanística, rachando así co concepto clásico de museo. Na Casa das Palabras, a palabra viaxou polo aire para conectar a centos de rapaces de España e Portugal co astronauta Pedro Duque, nunha actividade organizada en colaboración coa Axencia Espacial Europea 'Fala a ISS' (2003). Exposicións temporais destacables, entre outras, ao longo destes anos foron 'Scriptorium Verbumiense' (2008-2009), recreación do proceso sobre a elaboración dun códice; 'Vigo Cidade Babel-O Verbum da Diversidade Lingüística' e 'Galicia nas Ondas', un repaso á historia da radio en Galicia.

Os obxectivos da Casa das Palabras son esencialmente didácticos e lúdicos, dous conceptos que teñen que ir vencellados para poderen ser cumpridos.



**Edita:** Servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo. Área de Cultura, Festas e Museos **Redacción de textos:** Francisco J. Gil **Supervisión de textos:** Rosendo Covelo Roma, director administrativo do Verbum **Revisión lingüística:** Denis Vicente Rodríguez **Fotografía:** Carlos R. Prieto **Deseño:** Juan Gallego Estudio Gráfico **Actualización de datos:** Abril 2017 **Depósito legal:** VG 256-2017

**Enderezo:**  
Avenida de Samil, 17. 36212 Vigo  
Tel.: 986 240 130 / Fax: 986 240 633  
www.verbum.vigo.org  
verbum@vigo.org

**Horarios:**  
Martes a venres: 17.00 a 20.00 h.  
Sábados, domingos e festivos: 12.00 a 14.00 h. Pechado todos os luns, incluídos os festivos.

**Entrada:** Gratuíta.

**Información adicional** (exposicións temporais, visitas guiadas e outras accións). No Servizo de Atención Cidadá 010 do Concello de Vigo. Chamadas desde liñas fixas en Vigo: 010. Chamadas desde móbil ou desde fóra de Vigo: 986 810 260. Enderezo electrónico: 010@vigo.org. Horario: luns a venres de 8.00 a 20.00 h. e sábados de 10.00 a 14.00 h.  
www.vigocultura.org

**VERBUM**  
Casa das Palabras

 **REDE DE MUSEOS**  
CONCELLO DE VIGO  
Verbum Casa das Palabras

**CONCELLO**  
DE VIGO 

### Condições de visita e acceso:

- Prégase que sigan en todo momento as indicacións do persoal de atención ao público.
- O acceso ás salas quedará interrompido 10 minutos antes da hora de peche.
- Hai consignas de pagamento retornable para facilitar o depósito de roupa, bolsas, etc., así como paraugueiros á entrada do centro.
- O edificio dispón de ascensores e aseos especialmente adaptados para o uso de persoas con mobilidade reducida.
- Non está permitida a entrada de animais, agás cans-guía de invidentes.
- Non está permitido o acceso ao edificio con comida ou bebida.
- Non está permitido tomar imaxes nin vídeos en todo o recinto, agás nos casos nos que se realice unha petición por escrito e se reciba autorización previa á visita.

GALEGO

CONCELLO  
DE VIGO



**VERBUM**  
**CASA DAS PALABRAS**

O **Verbum** é un museo interactivo e un espazo cultural arredor da comunicación humana a través dos distintos ámbitos que a definen: ciencias, tecnoloxía, linguaxe, comunicación e literatura. Está emprazado en primeira liña de mar, diante da praia de Samil.



## A exposición permanente

Constitúe o eixo central do Verbum. Desenvólvese a partir de 29 cubos de madeira espallados ao chou pola sala, como se foran o froito dunha tirada de dados. Cada cubo identifícase cunha letra e en conxunto abordan todos os aspectos vencellados coa palabra no senso máis amplo do concepto. Dende a fisioloxía da comunicación (a boca, a vocalización, o oído, como falamos ou como escoitamos) até os medios de comunicación. No percorrido os e as visitantes poderán atoparse coa historia e as variedades de comunicacións, as orixes e historia da escritura, o mundo das palabras, dos idiomas, os xogos coas palabras (trabalinguas, palíndromos...) ou a historia do libro.



## Sala de exposicións temporais

Atópase no andar baixo do inmoble. Acolle exposicións tanto de produción propia coma allea sobre temáticas relacionadas coa comunicación na súa máis ampla concepción.

## Salón de actos

Con capacidade para albergar 180 persoas. Conta con equipo de son, canón de vídeo e outros medios tecnolóxicos.

## Aula de seminarios

Con capacidade para 40 persoas.

## Outros servizos

Venda de publicacións, cafetería e estacionamento público.

